

SOBRE A TRADUCIÓN DE CARMEN BLANCO

A feliz negación das fronteiras. Carmen Blanco tradutora

por María Lopo



Interpretación de Carmen Blanco debuxada por Sara Lamas

Existe en lingua francesa unha palabra que, ao meu ver, define á perfección o labor dos tradutores: *passeur*, *passeuse*, a persoa que axuda a pasar, a cruzar ou a superar un obstáculo, a transportar algo ou alguén. Unha *passeuse* pode ser unha barqueira entre ribeiras, unha pasadora de proscritos entre montañas, unha contrabandista ou mesmo unha traficante, mais tamén a persoa que media na transmisión do coñecemento. É por tanto o nome dun oficio e ao mesmo tempo dunha vocación, dunha actividade que sempre terá algo de clandestina e de incómoda para o sistema, e moito de liberadora e de enriquecedora para as persoas.

A obra tradutora de Carmen Blanco non é moi extensa pero si absolutamente coherente coas liñas mestras da súa obra académica e

creativa: rigor científico, apertura estética e negación das fronteiras. A primeira *raia* transgredida é xa a da autoría pois dous son os nomes cos que asina as súas traducións: o de Carmen Blanco e o da súa heterónima Emma Luaces, alias que contén unha sentida homenaxe a Emma Goldman e ás mulleres da súa familia materna, tal e como a escritora explicita no limiar do seu poemario *Lobo amor*¹.

Baixo o nome de Carmen Blanco asinou traducións do galego ao castelán, tanto de obra propia (ensaio, prosa poética e poesía) como de poesía e novela de autores diversos, e realizou así mesmo traducións do castelán ao galego de estudos, prosa e poesía de recoñecidos escritores e investigadores. Con excepción dun poema vertido ao castelán dende o portugués, a obra tradutora de Emma Luaces é ata o momento case exclusivamente galega, e caracterízase por unha maior diversidade nas linguas de partida (castelán, grego e portugués) e por unha maior liberdade nas versións realizadas na lingua de chegada, mesmo denominadas paráfrases no caso do grego.

Como tradutora do galego ao castelán, Carmen Blanco publicou dous libros referenciais para a difusión da nosa literatura na área hispánica, o primeiro deles é a antoloxía *Extranjera en su patria. Cuatro poetas gallegos. Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Pimentel, Luz Pozo Garza*², edición na que realizou o prólogo, a selección e a versión castelá das composicións en galego dos catro poetas citados. No segundo, a especialista de Ricardo Carvalho Calero encargouse da edición e da tradución castelá da súa fundamental novela *Escorpio*³.

No eido da autotradución verteu ao castelán senllos ensaios sobre José Ángel Valente e Concepción Arenal, así como o prólogo da citada antoloxía *Extranjera en su patria*⁴. Diversas seleccións de prosas poéticas e poemas contidos nos seus libros de creación *Vermella con lobos*, *Atracción total*, *Un mundo de mulleres* e *Lobo amor*⁵ apareceron en versión castelá en múltiples antoloxías, actas ou libros colectivos, como os dedicados a Hildegart Rodríguez Carballeira, Alejandra Pizarnik ou ás poéticas mediterráneas⁶.

¹ *Unión Libre*, n.º 16, 2011.

² Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, Barcelona, 2005.

³ Editorial Cielo Eléctrico, Madrid, 2022.

⁴ “Lugar *alén*. Una vereda en la que escuchar las *Cántigas* de Valente”, Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Valente: el fulgor y las tinieblas*, Editorial Axac, Lugo, 2008, pp. 153-168 (Estudo en galego adiantado na revista *Mænia* en 2000 e incluído en *Sexo e lugar*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2006).

“A escritora do bo por coñecer / La escritora de lo bueno por conocer” (edición bilingüe), María Paz García Rubio / José Francisco Méndez García (coord.), *Concepción Arenal. A conciencia da razón*, Universidade de Santiago de Compostela. Versión castelá: pp. 59-61.

“Estranxeira na súa patria: catro poetas. Rosalía. Manuel Antonio. Pimentel. Pozo Garza”, Armando Requeixo (ed.), *Sobre letras e signos. Estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2017, pp. 175-187.

⁵ *Vermella con lobos*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2004; *Atracción total*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2006; *Un mundo de mulleres*, Biblos, Mandaio, 2011 e *Lobo amor*, xa citado.

⁶ *Actas do Congreso do Centenario de Hildegart Rodríguez Carballeira (1914-1933)*, Eliseo Fernández (coord.), Ateneo Ferrolán-Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, A Coruña, 2017, pp. 311-330.

Alejandra Pizarnik y sus múltiples voces. 85 voces amigas se abrazan al privilegio de celebrar tu 85 aniversario, Mayda Bustamente (coord.), Ediciones Huso, Madrid, 2021, pp. 337-339.

Poéticas mediterráneas 2021, Marta López Villar e Marina Patrón Sánchez (ed.), Col. Poéticas de la modernidad, Bala perdida, Madrid, 2021, pp. 285-300.

Como tradutora do castelán ao galego, Carmen Blanco publicou a solidaria versión do estudo de Luís Lamela sobre a mestra Mercedes Romero Abella, asasinada polo fascismo en novembro de 1936, así como textos en prosa de José Ángel Valente e de Isaac Díaz Pardo⁷. En canto á poesía, verteu ao galego composicións de José Agustín Goytisolo, Concepción Arenal e Antonio Gamoneda, ao igual que os versos da obra castelá de Rosalía de Castro, Luís Pimentel ou Luz Pozo Garza citados no prólogo da antoloxía anteriormente aludida⁸. Resulta de grande interese para achegarnos á idea que da tradución ten a autora o seu traballo tradutor fragmentario, no caso de Concepción Arenal, e as varias versións realizadas dun mesmo poema, no caso de Goytisolo e Gamoneda. Fragmento e reescritura lembran as pontellas que unen tradución e creación no universo de Carmen Blanco para quen, ao igual que ocorre con Antonio Gamoneda, as versións semellan inseparables da obra poética.

A tradución é certamente a máis fonda das lecturas, e a de Safo ten acompañado dende hai moito tempo á escritora, que a levou *aos nosos hortos* xa dende 1999. Baixo o seu heterónimo publicou en total vinte e unha paráfrases da grega, constituíndo o corpus máis importante asinado por Emma Luaces⁹. Tamén debemos a esta súa heterónima a tradución galega do poema “A cantora” do colombiano Raúl Henao e a da composición “As sereas” de Luis Cernuda, así como a libre experiencia de versionar en dúas linguas, galego e castelán, a súa persoal lectura da “Autopsicografía” de Bernardo Soares, heterónimo de Fernando Pessoa¹⁰, nun xogo intelixente e sensible no que á autopsicografía de Fernando-Bernardo, enraizada na dor, se substitúe a poética filóxina de Carmen-Emma, entrañada no amor.

Por algo declarou: “Só sei poñer paixón en todo o que fago”¹¹.

Tamén publicou versións castelás dos seus textos en *Certamen de literatura atea* e *II Certamen de literatura atea* (Biblioteca Social La Colmena, Tenerife, 2009, pp. 10-11 e 2010, p. 12), así como nas seguintes antoloxías coordinadas por Antonino Nieto Rodríguez: *Guía viva de ortodoxos y heterodoxos en la poesía contemporánea gallega* (Endymión, Madrid, 2012, pp. 197-206), *La primera vez... que no perdí el alma, encontré el sexo* (Sial Pigmalión, Madrid, 2014, pp. 75-79), *Amour fou. Ebrio desván de amores locos* (Sial Pigmalión, Madrid, 2016, pp. 108-113), *Inmortal amor mortal. De la ceniza, la máscara* (Endymión, Madrid, 2017, pp. 140-143), *Imposible no comerse (en el volcán de los amores canallas)* (Lastura Ediciones, Ocaña, 2019, pp. 61-65), *De las sogas de la felicidad, el amor, por ejemplo: para no vencernos nunca* (Lastura ediciones, Madrid, 2020, pp. 72-73).

⁷ “O paseo de Mercedes Romero Abella, por Luís Lamela”, *Unión Libre*, n.º 11, 2006, pp. 63-72.

“Canto fondo, por José Ángel Valente”, *Unión Libre*, n.º 5, 2000, pp. 31-34.

“Memoria das causas xustas para mellorar o presente. Anotacións con versións de Isaac Díaz Pardo”, *Evohé. Revista Cultural do Campus de Lugo*, n.º 25, 2014, p. 14.

⁸ “Ninguén está só”, *Ninguén está só*, Lugo, Amnistía Internacional / TrisTram, 2001, pp. 9-13.

Concepción Arenal. A conciencia da razón, María Paz García Rubio / José Francisco Méndez García (coord.), Universidade de Santiago de Compostela, pp. 55-58.

“Pensando na liberdade. Dúas versións de Negro spirituals VI, 1961, de Antonio Gamoneda”, *Evohé. Revista Cultural do Campus de Lugo*, n.º 34, 2023, pp. 24-26.

⁹ “Safo nos nosos hortos”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 30-11-1999.

“Dos hortos de Afrodita en Lesbos. Paráfrases de Safo”, *Unión Libre*, n.º 4, pp. 61-83.

“Dos hortos de Afrodita en Lesbos. Paráfrases de Safo”, *Do amor e da literatura*, Linteo, Ourense, 2007, pp. 27-32.

¹⁰ “A cantora por Raúl Henao”, *Unión Libre*, n.º 5, pp. 395-397.

“Calar, cantar, escribir e ler linguas de longa vida. Versións de tres poéticas: Rosalía, Pessoa e Cernuda”, *Evohé. Revista Cultural do Campus de Lugo*, n.º 34, 2023, pp. 56-61.

¹¹ “Só sei poñer paixón en todo o que fago”, *Galicia internacional* 5, Santiago de Compostela, 1995, p. 82.